



## POESÍAS DE EV. CALO

### LATEXOS DUN AROUSÁN (III): "FERVENZAS E DEVALOS"

Eu ben sei  
polo vento agoireiro  
que a miña coroa  
xa nunca será  
de verde loureiro:

Será  
de toxo arpado  
ou de arpada silveira  
en fronte engurrada  
ou nas carballeiras do alén  
bailando a muiñeira:  
a muiñeira bailando  
ó compás  
¡Iso si!  
do encanto galego  
da gaita grileira.

**E eu tan namorado**  
Nunca un átomo de verdade  
ns parolas derramadas  
¡E eu tan convencido!

Nunca un chisco de sinceridade  
nos seus ríos de bágoas  
¡E eu enguedellado!

Sempre eu bicando ausencias de amor  
crebándome a alma  
¡E ela ensumida!

Sempre eu fiando versos amantes  
anunciando praceres  
¡E ela angustiada!

Pétalos de flor atormentada  
tinguidos de indiferencia  
e distancia  
¡Iso é a nada!  
¡E ela rimando perfidias!  
¡E eu tan namorado!

## ANGEL MOSQUERA MERA

### SENTIMENTOS A FLOR DE PEL



Aguanta Simbad a tempestade que está sobre ti. No mar, unha marea negra achégase ós cantís, cheos de vida e anos con moito porvir. Parque natural florido, inhóspito e amigo, mantense no mar. Un raio se fai sentir, o barco que navega as súas velas prega, van a morrer. Unha dozura, morte escura te invita a saír. O temporal non escampa, empapado e sen forzas salta ó mar, afóbase en silencio, ninguén o pode escoitar. Unha serea o salva, o leva a terra, o alonxa do mar. Sucumbe en soildade un vello recordo, as traizóns do mar. Como pequeno murmurio as ondas veñen e van, leva as túas alegrías, apégase un pensar. Non busques no mar un espello, porque a el non te podes mirar. Engúlete pouco a pouco, unha burbulla serás.